



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.

T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal

atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

CIRCULAR 163-2025

XVIII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE MARCHA EN PISTA (INVERNO)

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 22 de novembro nas pistas do CGTD (Pontevedra), o Campionato Xunta de Galicia de marcha en pista de inverno.

Art.2).- Poderán intervenir atletas con licenza en vigor pola FGA.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 20:00 horas do luns 17 de novembro.

Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 14:00 horas do mércores 19 de novembro e serán remitidas a competicion@atletismo.gal

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar os dorsais outorgados pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.6).- Cámara de chamadas

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma e deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto.
- Peche da cámara de chamadas → 10' antes da proba.

Art.7).- Horario (poderá ser modificado en función das inscricións)

APERTURA C. CHAMADAS	PECHE C. CHAMADAS	HORA PROBA	PROBA	CATEGORÍA	SEXO
9:40	9:50	10:00	2.000	Sub 14	Masc
9:58	10:08	10:18	2.000	Sub 14	Fem
10:16	10:26	10:36	2.000	Sub 12	Masc
10:34	10:44	10:54	2.000	Sub 12	Fem
10:52	11:02	11:12	1.000	Sub 10	Masc
11:04	11:14	11:24	1.000	Sub 10	Fem
11:17	11:27	11:37	3.000	Sub 16	Masc
11:45	11:55	12:05	3.000	Sub 16	Fem
12:15	12:25	12:35	5.000	Abs (Sub 18 e superiores)	Masc
12:55	13:05	13:15	5.000	Abs (Sub 18 e superiores)	Fem



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.

T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal

atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Art.8).- Entrega de premios.

Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as das categorías Sub 10, Sub 12, Sub 14, Sub 16, Sub 18, Sub 20, Sub 23, Absoluta e as diferentes categorías Máster, recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de entrega de premios.

- Horario de entrega:

HORA	PROBAS
11:30	2000
12:15	1000
13:00	3000
14:00	5000

Art.9).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo competicion@atletismo.gal antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.10).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 02 de outubro do 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo